

PLAN CORRESPONSABLES UDC 2023

O Plan Corresponsables é unha nova política pública que ten por obxecto iniciar o camiño cara á garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes.

Os obxectivos deste PLAN son actuar directamente con programas e acción que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos **menores de 16 anos inclusive (entre 6 e 16 anos dependendo da actividade)**.

A Universidade da Coruña comprométese a desenvolver un programa de actividades e a xestionar o acceso ás actividades das nenas e nenos, priorizando no acceso ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Así mesmo, terase en conta o colectivo pertencente a comunidade universitaria nos procesos de valoración de acceso aos programas e prestacións, financiadas por este plan. Este plan de actividades fomenta a gratuidade e a universalidade das actuacións.

A Universidade da Coruña, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte vai levar a cabo a coordinación e a organización das actividades do proxecto.

Estas actividades, para o colectivo o que vai dirixido o plan, teñen carácter GRATUÍTO.

O programa de actividades previstas pola UDC para cumprir o Plan Corresponsables é o seguinte:

- **Actividades náuticas**

Fomentar o acceso e a iniciación ás actividades náuticas co fin de potenciar os beneficios para a saúde física e mental.

Realizaranse cursos coa intención de achegar as/os rapazas/es a deportes que promovan a autonomía, a relación coa contorna e á natureza.

EMPRESA	ACTIVIDADE	LUGAR	DATAS	HORARIOS
FERROL SURF SCHOOL	INICIACION SURF	FERROL	FEBREIRO E MARZO	MARTES E XOVES DE 16 A 18 H.
PUNTO PASION PLAYA CORUÑA	INICIACION AO CATAMARAN	A CORUÑA		VENRES DE 16 A 18 H.
PUNTO PASION PLAYA CORUÑA	INICIACION AO WINDSURF	A CORUÑA	FEBREIRO E MARZO	

				SÁBADOS E DOMINGOS DE 11 A 14 H.
SON DO MAR	INICIACION AO SURF	A CORUÑA		LUNS A VENRES DE 17 A 19 H.

- **Xornadas de iniciación a deportes urbanos e de aventura**

Facilitar o acceso ás actividades urbanas e de aventura dun público que doutro xeito podería non ter acceso a este tipo de actividades.

EMPRESA	ACTIVIDADE	LUGAR	DATAS	HORARIOS
AXIÑA	INICIACION AO SKATE	A CORUÑA	FEBREIRO E MARZO	Pendentes horario definitivo
	INICIACION AO PARKOUR			

A inscrición nestas actividades realizarase a través da seguinte ligazón

<https://corresponsables.udc.gal/udc/privada/admin/index.xhtml>